

# PROXECTO LINGÜÍSTICO

CEIP PLURILINGÜE MANUEL MURGUÍA  
FEÁNS

## ÍNDICE

|   |    |
|---|----|
| 1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN .....   | 2  |
| 2. ACLARACIÓNS CONCEPTUAIS .....  | 3  |
| 2.1. A planificación lingüística.....   | 3  |
| 2.2. A competencia en comunicación lingüística.....                                     | 3  |
| 2.3. Bilingüismo .....  | 4  |
| 2.4. Educación bilingüe.....  | 4  |
| 2.5. Características do ensino bilingüe .....   | 4  |
| 3. CRITERIOS PARA DETERMINAR A LINGUA PREDOMINANTE NO CONTORNO...5                      |    |
| 3.1. Algúns indicadores sociolingüísticos (IGE) .....                                   | 5  |
| 3.2. Contexto escolar e social.....   | 6  |
| 4. LINGUAS QUE SE EMPREGAN NOS CURRÍCULOS DE INFANTIL E PRIMARIA...7                    |    |
| 4.1. Educación Infantil .....   | 7  |
| 4.2. Educación Primaria .....   | 7  |
| 4.2.1. Área plurilingüe e seccións bilingües .....                                      | 9  |
| 4.2.2. Auxiliares de conversa .....   | 10 |
| 5. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO .....   | 11 |
| 5.1. Disposicións legais de referencia.....   | 11 |
| 5.2. Medidas a adoptar respecto da lingua galega .....                                  | 12 |
| 5.2.1. Con relación ao profesorado e á xestión.....                                     | 12 |
| 5.2.2. Con relación ao currículo .....  | 12 |
| 5.2.3. Con relación ao alumnado con necesidades específicas de apoio<br>educativo. .... | 13 |
| 6. CONCLUSIÓNS .....  | 14 |

## 1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN

A **Lei Orgánica 8/2013**, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), establece entre os seus principios a necesidade de destacar tres ámbitos sobre os que facer especial incidencia con vistas á transformación do sistema educativo: as Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC), o fomento do plurilingüismo, e a modernización da Formación Profesional.

Así mesmo, o **Decreto 105/2014**, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de educación primaria en Galicia, reflicte entre os 15 obxectivos de etapa recollidos no artigo 3, os seguintes:

**e)** *“Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas”.*

**f)** *“Adquirir en polo menos unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolver en situacións cotiás”.*

Entre os principios metodolóxicos establecidos no artigo 15 de dito decreto, recóllese que os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No **proxecto lingüístico** do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares nas distintas áreas lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

O **Decreto 79/2010**, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, establece no artigo 5.4 que cada centro fará constar no seu Proxecto Lingüístico as actividades e estratexias de aprendizaxe empregadas para que o alumnado adquira, de xeito oral e escrito, o coñecemento das dúas linguas oficiais.

A **Orde do 12 de maio do 2011**, pola que se regulan os centros plurilingües na Comunidade autónoma de Galicia, establece no artigo 3 que os centros plurilingües deben impartir en lingua estranxeira ata un máximo dun terzo do horario lectivo.

## 2. ACLARACIÓNS CONCEPTUAIS

### 2.1. A planificación lingüística

Enténdese a planificación lingüística no ámbito educativo como un proceso meditado e consensuado, baseado na consecución duns obxectivos realistas a curto, medio e longo prazo, que leve ao alumnado a acadar os obxectivos lingüísticos recollidos na lexislación, independentemente de cal sexa a súa lingua inicial. A planificación debe **garantir**:

- Que o alumnado que ten o galego como lingua habitual poida manter a súa lingua e consolidar unha competencia plena nela.
- Que o alumnado que ten o castelán como lingua habitual adquira unha boa competencia en galego, para favorecer os contextos en que se exprese nela.
- Que todo o alumnado adquira unha boa competencia en castelán.
- Que todo o alumnado logre unha certa competencia nunha lingua estranxeira.

### 2.2. A competencia en comunicación lingüística.

A competencia lingüística defínese como o dominio que unha persoa ten da gramática e do vocabulario dunha lingua e que se proxecta nas catro capacidades básicas: **escoitar, falar, escribir e ler**. A capacidade dos seres humanos para comunicarse non só se limita ás posibilidades de construción e comprensión de enunciados correctos, senón que implica o coñecemento dos condicionamentos de calquera índole que existen nun acto de comunicación. De aquí xorde o concepto de competencia en comunicación lingüística, unha das sete competencias clave que atendendo á **Orde ECD 65/2015**, do 21 de xaneiro, é o resultado da acción comunicativa dentro de prácticas sociais determinadas, nas cales o individuo actúa con outros interlocutores e a través de textos en múltiples modalidades, formatos e soportes. Estas situacións e prácticas poden implicar o uso dunha ou varias linguas, en diversos ámbitos e de maneira individual ou colectiva. Para iso o individuo dispón do seu repertorio plurilingüe, parcial, pero axustado ás experiencias comunicativas que experimenta ao longo da vida. As linguas que utiliza poden ter vías e tempos distintos de adquisición e constituír, por tanto, experiencias de aprendizaxe de lingua materna ou de linguas estranxeiras ou adicionais.

### **2.3. Bilingüismo**

O bilingüismo pode ser definido facendo referencia aos individuos ou ás sociedades. No caso individual, refírese ao feito de ter unha persoa competencia en dúas ou máis linguas. Referente ás sociedades, o bilingüismo refírese a situacións de contacto lingüístico nas que atopamos dúas ou máis linguas diferentes. Pode ser:

1. **Bilingüismo aditivo:** O bilingüismo é de carácter aditivo cando unha persoa que ten unha lingua determinada (primeira lingua aprendida ou L1) aprende outra lingua diferente (segunda lingua aprendida ou L2), sen por iso perder competencia ningunha na súa L1.
2. **Bilingüismo substractivo:** O bilingüismo é de carácter substractivo cando unha persoa que ten unha determinada L1, ao ser escolarizada noutra lingua diferente, perde competencia na súa L1 e tampouco acada unha competencia plena na L2 utilizada no ensino.

### **2.4. Educación bilingüe**

Chámase así ao ensino no que se empregan dúas linguas como linguas vehiculares. Un programa en que todas as aprendizaxes se desenvolvan nunha lingua, aínda que se estude outra, non é considerado un programa de ensino bilingüe.

### **2.5. Características do ensino bilingüe**

- O bilingüismo ten efectos positivos sobre o desenvolvemento educativo e lingüístico do alumnado.
- O nivel de desenvolvemento da lingua inicial dos alumnos/as (L1) é un indicador importante do desenvolvemento da súa segunda lingua (L2).
- A promoción da L1 nos centros educativos axuda a desenvolver non só esa L1, senón que tamén permite desenvolver as habilidades dos alumnos/as na outra lingua do sistema educativo.
- A dedicación do tempo nunha lingua socialmente minoritaria na educación non limita o desenvolvemento académico dos nenos/as na maioritaria.
- O mantemento da identidade lingüística é un factor clave no éxito académico dos alumnos/as de lingua minoritaria.

### **3. CRITERIOS PARA DETERMINAR A LINGUA PREDOMINANTE NO CONTORNO**

O artigo 5.2 do **Decreto 79/2010**, de 20 de maio, dispón que a lingua materna predominante no contorno será determinada polo centro educativo de acordo co resultado dunha enquisa sociolingüística que se efectuará aos pais/nais/titores/as ou representantes legais do alumno/a antes do comezo do curso escolar acerca da lingua materna do seu fillo/a.

#### **3.1. Algúns indicadores sociolingüísticos (IGE)**

- **Lingua inicial:**

- O galego como lingua inicial segue descendendo conforme diminúe a idade. A tendencia semella clara: aumento do castelán como lingua inicial en detrimento do galego. Aínda así, o galego é a lingua inicial porcentualmente máis alta de Galicia.

- **Lingua habitual:**

- Detéctase unha tendencia clara ao monolingüismo, sendo máis alta a porcentaxe de falantes monolingües en castelán que a de individuos monolingües en galego.
- O galego como lingua habitual segue descendendo conforme diminúe a idade das persoas.
- A tendencia tamén parece evidente: aumento acelerado do castelán como lingua habitual en contra do galego.

- **Lingua na escola:**

- Podemos comprobar como en ningún dos niveis de Educación Infantil ou Primaria se chega ao 50% de utilización oral do galego, mesmo sumando o uso só de galego e o das dúas linguas. Pola contra o uso oral do castelán é moi maioritario.
- Dende unha perspectiva diacrónica, aumenta o uso do galego nas clases, mentres diminúe cos compañeiros e compañeiras.

### **3.2. Contexto escolar e social**

O CEIP Plurilingüe Manuel Murguía atópase situado na periferia da Coruña. Pertence a este concello e o espazo xeográfico que abarca a circunscrición do colexio comprende os lugares de Feáns, Mesoiro Vello e Novo. É, pois, un centro situado nun núcleo rural rodeado de novas urbanizacións. As familias son de nivel medio – baixo, que se dedican nunha meirande parte ao sector servizos.

Por tratarse dun centro pequeno e considerando a estabilidade do conxunto do profesorado e as características do alumnado, podemos afirmar que dispoñemos dun amplo coñecemento do contexto sociolingüístico escolar, coñecemento que se completa, ademais, cos datos que se recollen nun documento-enquisa que, sobre os usos lingüísticos, cumprimentan as familias.

Unha porcentaxe representativa do alumnado é de etnia xitana, tendo como lingua materna o castelán. O resto de alumnos/as do centro, na súa meirande parte, tamén falan no seu contorno familiar a citada lingua.

## **4. LINGUAS QUE SE EMPREGAN NOS CURRÍCULOS DE INFANTIL E PRIMARIA**

Atendendo ao citado Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, teranse en conta certos **aspectos**:

- ❖ Garantía da adquisición dunha competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais de Galicia.
- ❖ Garantía do máximo equilibrio posible nas horas semanais e nas áreas impartidas nas dúas linguas oficiais de Galicia, co obxectivo de asegurar a adquisición da competencia en igualdade nelas.
- ❖ Adquisición dun coñecemento efectivo en linguas estranxeiras, nun marco xeral de promoción do plurilingüismo no sistema educativo de Galicia.
- ❖ Participación e colaboración das familias nas decisións que atinxen ao sistema educativo coa finalidade de contribuír á consecución dos seus obxectivos.
- ❖ Promoción da dinamización da lingua galega nos centros de ensino.

### **4.1. Educación Infantil**

En Educación Infantil o profesorado emprega o galego e o castelán equitativamente, aínda que a lingua materna do noso alumnado é o castelán.

### **4.2. Educación Primaria**

Tomaranse como referencia o artigo 6.2 do Decreto 79/2010, de plurilingüismo, así como o Decreto 105/2014. Ao longo da Educación Primaria, as áreas impártense no seguinte idioma:

1º de EP.

- Impártense en lingua castelá: Lingua Castelá (4 h), Matemáticas (5 h), Música (1 h), Relixión / Valores Sociais e Cívicos (1 h).
- Impártense en lingua galega: Lingua Galega (4 h), Ciencias Naturais (2 h), Ciencias Sociais (3 h), Educación Física (2 h).

- Impártese integramente en inglés: Lingua Inglesa (2 h), Plástica (1 h).

#### 2º de EP.

- Impártense en lingua castelá: Lingua Castelá (4 h), Matemáticas (5 h), Música (1 h), Relixión / Valores Sociais e Cívicos (2 h).
- Impártense en lingua galega: Lingua Galega (4 h), Ciencias Naturais (2 h), Ciencias Sociais (2 h), Educación Física (2 h).
- Impártese integramente en inglés: Lingua Inglesa (2 h), Plástica (1 h).

#### 3º de EP.

- Impártense en lingua castelá: Lingua Castelá (4 h), Matemáticas (4 h), Música (1 h), Relixión / Valores Sociais e Cívicos (1 h).
- Impártense en lingua galega: Lingua Galega (4 h), Ciencias Naturais (2 h), Ciencias Sociais (3 h).
- Impártese integramente en inglés: Lingua Inglesa (3 h).
- Impártese parcialmente en inglés: Educación Física (2 h), porque hai unha sección bilingüe. Así, impártese en galego e inglés.

#### 4º de EP.

- Impártense en lingua castelá: Lingua Castelá (4 h), Matemáticas (4 h), Música (1 h), Plástica (1 h), Relixión / Valores Sociais e Cívicos (1 h).
- Impártense en lingua galega: Lingua Galega (4 h), Ciencias Naturais (2 h), Ciencias Sociais (2 h), hora de libre configuración autonómica (1 h).
- Impártese integramente en inglés: Lingua Inglesa (3 h).
- Impártese parcialmente en inglés: Educación Física (2 h), porque hai unha sección bilingüe. Así, impártese en galego e inglés.

#### 5º de EP.

- Impártense en lingua castelá: Lingua Castelá (4 h), Matemáticas (5 h), Música (1 h), Relixión / Valores Sociais e Cívicos (1 h).
- Impártense en lingua galega: Lingua Galega (4 h), Ciencias Naturais (2 h), Ciencias Sociais (2 h).
- Impártese integramente en inglés: Lingua Inglesa (3 h).

- Impártese parcialmente en inglés: Educación Física (2 h), porque hai unha sección bilingüe e Plástica (1 h). Así, impártese en galego e inglés.

6º de EP.

- Impártense en lingua castelá: Lingua Castelá (3 h), Matemáticas (5 h), Música (1 h), Relixión / Valores Sociais e Cívicos (1 h).
- Impártense en lingua galega: Lingua Galega (3 h), Ciencias Naturais (2 h), Ciencias Sociais (3 h), hora de libre configuración autonómica (1 h).
- Impártese integramente en inglés: Lingua Inglesa (3 h).
- Impártese parcialmente en inglés: Educación Física (2 h), porque hai unha sección bilingüe e Plástica (1 h). Así, impártese en galego e inglés.

#### 4.2.1. Área plurilingüe e seccións bilingües.

Podemos definir **sección bilingüe**, atendendo ao artigo 2 da Orde do 12 de maio do 2011, como a organización do ensino dunha área ou materia non lingüística da educación primaria, que se cursa nun nivel por un grupo de alumnos ou alumnas dun xeito bilingüe, dentro do enfoque AICLE/CLIL (aprendizaxe integrada de contidos e linguas): na lingua cooficial que corresponda, segundo a normativa vixente, e nunha lingua estranxeira falada na Unión Europea, que é impartida como área ou materia ao devandito grupo de alumnos/as.

É indubidable que as seccións bilingües están contribuíndo á mellora das competencias lingüísticas do alumnado que participa nelas e, polo tanto, procede darlles continuidade. Non obstante, para alcanzar o obxectivo que se establece no noso proxecto lingüístico é precisa a implantación do plurilingüismo en toda a etapa educativa, sendo así un centro plurilingüe.

Un **centro plurilingüe** é aquel que imparta ata un máximo dun terzo do horario lectivo dun grupo de alumnos nunha lingua estranxeira. Para tal efecto, ampliarase a presenza da lingua estranxeira no horario lectivo do alumnado, ao impartirse outras áreas ou materias nesta lingua. Acadar que un centro sexa completamente plurilingüe require unha implantación progresiva, curso a curso, da lingua estranxeira. Neste caso impártese a área de educación artística: Plástica. Non hai dúbida que isto esixe unha disposición de profesorado especialista disposto a colaborar.

Finalmente, cómpre ter en conta no actual contexto educativo galego a implantación, na rede de centros docentes plurilingües e nos centros docentes con

seccións bilingües, do ensino-aprendizaxe integrado de contidos e linguas estranxeiras. Isto supón a necesidade dunha estreita coordinación entre o profesorado que imparte lingua estranxeira e o que a utiliza como instrumento de ensino doutras áreas curriculares.

#### **4.2.2. Auxiliares de conversa.**

No artigo 10.3 da Orde de 12 de maio de 2011, pola que se regulan os centros plurilingües en Galicia, especificase que *“A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dotará aos centros públicos de persoas nativas de apoio ao profesorado do centro para posibilitar o desenvolvemento do programa”*.

Dende que se ten a denominación de centro plurilingüe, cóntase no centro cun auxiliar de conversa que asiste ao profesorado. As súas funcións específicas están reflectidas na citada Orde, todas elas encamiñadas a reforzar as destrezas orais do alumnado en lingua inglesa e promovendo o entendemento cultural existente. Consideramos que a súa presenza fomenta a motivación e interese do alumnado pola lingua e o seu país de orixe, desenvolvendo así a interculturalidade.

Cómpre destacar que a persoa auxiliar non ten plena competencia docente, por iso non é responsable da avaliación, cualificación ou vixilancia, tanto dentro coma fóra da aula.

## **5. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO**

### **5.1. Disposicións legais de referencia**

A **LOE** (Lei Orgánica 2/2006, de 3 de Maio, de Educación), modificada parcialmente polo artigo único da **LOMCE** (Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa) contempla:

- ❖ Para Educación Infantil, dentro dos obxectivos e principios pedagóxicos:
  - "Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión".
  - "Fomentar unha primeira aproximación á lingua estranxeira nas aprendizaxes do segundo ciclo da Educación Infantil".
- ❖ Para Educación Primaria, nos obxectivos de etapa:
  - "Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua castelá e, se a houbese, a lingua cooficial da comunidade autónoma e desenvolver hábitos de lectura".
  - "Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira, a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás".

O **Decreto 79/2010, de 20 de maio**, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, especifica:

- Artigo 3.1: "Nos centros de ensino sostidos con fondos públicos utilizarase, con carácter xeral, a lingua galega e fomentarse o seu uso oral e escrito tanto nas relacións mutuas e internas, como nas que manteñan coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galicia".
- Artigo 3.2: "As programacións e outros documentos didácticos das áreas de lingua redactaranse, con carácter xeral, na lingua respectiva".
- Artigo 3.3: "Nas actuacións administrativas de réxime interno dos centros docentes como actas, comunicados e anuncios, usarase, con carácter xeral, a lingua galega, agás o referido a comunicacións con outras comunidades autónomas e cos órganos da Administración do Estado, radicados fóra da comunidade autónoma, nas que se utilizará o castelán".

## **5.2. Medidas a adoptar respecto da lingua galega**

### **5.2.1. Con relación ao profesorado e á xestión.**

- a) Informar ao profesorado dos cursos e actividades de formación sobre a lingua galega.
- b) Dotar ao profesorado dos materiais e recursos necesarios en lingua galega (dicionarios, gramática, atlas, mapas...).
- c) Solicitar das editoriais o material didáctico e de apoio ao profesorado que se precise.
- d) Potenciar o uso oral da lingua galega nas relacións coas familias, co alumnado e co persoal non docente.
- e) Potenciar o uso oral da lingua galega nas reunións dos órganos de xestión e coordinación docente.
- f) Fomentar no alumnado o emprego da lingua galega como lingua de relación.
- g) Elaborar en galego toda a documentación pedagóxica.
- h) Utilizar a lingua galega na xestión administrativa do centro.
- i) Potenciar o uso da lingua galega en relación coas Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC).
- j) Propiciar a realización de actividades e o intercambio de experiencias con outros centros educativos.
- k) Implicar a toda a comunidade educativa no proceso de normalización da lingua galega.

### **5.2.2. Con relación ao currículo.**

- a. Motivar ao alumnado para que valore a realidade plurilingüística e a riqueza cultural de Galicia, impulsando a lingua galega como elemento configurador da identidade persoal e social.
- b. Valorar as nosas tradicións, lendas, contos, refráns..., concienciándose da importancia que o axeitado uso da lingua ten para o desenvolvemento persoal e da vida social.
- c. Participar activamente en situacións de comunicación oral, espontáneas ou planificadas, comprendendo os textos orais e interpretando os seus principais elementos estruturais e de contido.
- d. Potenciar a lectura, aplicando estratexias adecuadas aos diferentes tipos de

textos e en diferentes soportes.

- e. Producir textos escritos, adecuando a lingua á situación comunicativa.
- f. Fomentar a comunicación escrita e oral como fonte de diversión, información e medio de expresión dos valores sociais e culturais.
- g. Identificar a intención comunicativa dunha mensaxe, oral ou escrita, constituída por distintos códigos, verbais e non verbais.
- h. Utilizar o dicionario como ferramenta básica de axuda para ampliar os coñecementos.
- i. Automatizar as normas ortográficas máis frecuentes.
- j. Utilizar os medios de comunicación como fonte de información e para construír unha opinión propia e obxectiva.
- k. Usar as Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC): Internet.

### **5.2.3. Con relación ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.**

No caso de alumnos/as con dominio lingüístico insuficiente, valorarase pola titora, a profesora de PT, a profesora de AL, a orientadora... o grao de dificultade que representa para o seguimento do proceso de aprendizaxe, dando resposta a diversidade.

Segundo o resultado desa valoración, estableceranse as medidas que correspondan, tendo en conta o Decreto 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade en Galicia, entre as que se relacionan a continuación:

- Medidas ordinarias:
  - a. Atención individualizada nas clases das materias impartidas na lingua, ou linguas, nas que se amosan as dificultades.
  - b. Reforzo educativo, coa utilización de material didáctico adaptado á necesidade detectada.
  - c. Adaptación dos tempos e instrumentos.
  - d. Metodoloxía baseada no traballo colaborativo, titoría entre iguais, promovendo a inclusión.
- Medidas extraordinarias.
  - e. Apoio na aula por parte dos docentes de PT ou AL.
  - f. Apoio fóra da aula por parte dos mestres/as de PT ou AL (coa preceptiva autorización).

## **6. CONCLUSIÓNS**

A **xestión administrativa** do Centro, tanto a nivel interno como nas relacións con outros organismos e entidades da Comunidade Autónoma, realízase en lingua galega.

Respecto ao **alumnado**, pódese dicir que comprende o galego, dispón de coñecementos e recursos para falalo, pero usa o castelán como lingua habitual de relación, tanto no centro como no ámbito familiar.

Atendendo ao **profesorado**, no tocante ás materias impartidas, cúmprese coa normativa. Na relación persoal co alumnado, cada profesor/a utiliza o galego ou o castelán, segundo o contexto, criterios persoais... Na maior parte dos casos úsanse indistintamente os dous idiomas.